

O FANZINE DAS XORNADAS
REVISTA DAS XX XORNADAS DE
BD DE OURENSE.



AS CAPAS

BRAIS RODRÍGUEZ

Brais Rodríguez (Brión, 1980) é un autor persoalísimo e prolífico, se cadra o máis *outsider* na xa de



© Brais Rodríguez

por si alternativa BD galega: o David Lynch das nosas viñetas. Licenciado en Pintura na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, é defensor e militante da autoedición (impulsor de proxectos como o lonxevo fanzine *Carne Líquida* ou a máis recente aventura intercon-

tinental *Condorito Muerto*). Colaborou activamente, cun estilo en constante evolución, no tristemente desaparecido *Fanzine Enfermo*, e continúa a facelo sobre todo na revista *Barsowia*, do colectivo Polaquia, ao cal pertence. De feito, é quen máis páxinas acapara no tomo compilatorio *Barsowia en llamas*, a mellor introdución posíbel á súa obra para quen non a coñeza: hai un capítulo enteiro dedicado aos seus desacougantes robots emocionais. Entre os seus méritos destaca ter gañado tres anos consecutivos o 1.º Premio no Certame de Cangas; mesmo no Injuve repararon nel. Nun perfil para o fanzine *Puñetas desde el Atlántico* (publicación extraoficial da edición de 2006 do festival coruñés) chancea dicindo que as súas paixóns son dúas: «os cómics e o culto ao corpo». Podemos afirmar que polo menos nunha delas triunfou con creces.

«O asasino»
Guión e debuxos:
Brais Rodríguez
© 2008 Brais
Rodríguez

- Capas: Brais Rodríguez
- Páxina 3: BD: *O asasino*, por Brais Rodríguez
Brais Rodríguez: elbrais@yahoo.es,
<http://invocationdemonbrother.blogspot.com>
- Páxina 7: Editorial
- Páxina 8: Artigo: *As Xornadas de 2008*
- Páxina 10: BD: *Mercur no deserto*, por Kike Benlloch e Manel Cráneo
Kike Benlloch: castinheira@gmail.com
<http://www.redegalega.org/kikebenlloch>;
Manel Cráneo: manelcraneo@yahoo.es
<http://manelcraneo.blogspot.com>
- Páxina 11: Artigo: *Rachel Deville*, por Roberto X. Noya
- Páxina 13: BD: *Viva a morte*, por Jano
Jano: janocho@gmail.com, <http://www.jano.ws>
- Páxina 14: Artigo: *Descubriendo(me) a Enrique Flores*, por Claudia Neira
- Páxina 16: Artigo: *A ousadía de debuxar letras*, por Arturo Losada Ballesteros
- Páxina 18: BD: *Love Eaters*, por David Rubín
David Rubín: dareidevid@gmail.com
<http://detripas.blogspot.com>
- Páxina 24: Artigo: *Filipe Abranches*, por Pedro Moura
- Páxina 25: BD, por Kike Benlloch e Sergio Covelo
Sergio Covelo: sergio.covelow@gmail.com
<http://www.elmonolisto.com/sergio>
- Páxina 26: Artigo: *RRR*, por Bernal Prieto
- Páxina 28: BD: *Insomniac*, por Roque
Roque: roqueromero@gmail.com
<http://paciente-r.blogspot.com>
- Páxina 31: Artigo: *20 edicións das Xornadas de Ourense*
- Páxina 36: BD: *No salón do cómic*, por Kike Benlloch e Hugo Covelo
Hugo Covelo: hugo.covelo@gmail.com
<http://www.elmonolisto.com/hugoc>
- Páxina 37: Artigo: *Premio Ourense de BD – Bibliotecas Municipais da Coruña*
- Páxina 38: Artigo: *O cartel das Xornadas – Alberto Guitián*

Este número d'*O Fanzine* non tería sido posíbel sen a colaboración desinteresada de: Kike Benlloch • Hugo Covelo • Sergio Covelo • Manel Cráneo • Jano • Arturo Losada Ballesteros • Claudia Neira • Paulo Monteiro • Pedro Moura • Roberto X. Noya • Brais Rodríguez • Roque Romero • David Rubín.

Todos os cómics, ilustracións e textos publicados nesta revista son propiedade, e *copyright* dos seus respectivos autores/as ou editores/as ou editores/as, e reproducense co seu permiso ou como simple referencia do texto. Para posteriores reproducións, contáctese directamente con cada un deles.

O Fanzine das Xornadas, nº 15.

Publicación oficial das XX Xornadas de Banda Deseñada de Ourense. Outubro de 2008.

Coordinación: Óscar Iglesias, Henrique Torreiro.

Edita: Colectivo Phanzynex, Rúa Manuel Murguía 15-5ºD, E-32005 Ourense (Galicia, Spain)

Fax (+34) 988 249930 • Correo electrónico: casa@casaxou.com, lab.ou.info@gmail.com

Internet: www.casaxou.com/bd, www.labou.blogspot.com

Deseño: Xosé Lois Vázquez & N. C., SC • Fotomecánica e impresión: RODI Artes Gráficas, Ourense.

Depósito legal: OUR-183/97

Co patrocinio de: Casa da Xuventude de Ourense • Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade

Concellaría de Cultura do Concello de Ourense










COLECTIVO
PHANZYNE
X
OURENSE



XUNTA DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE
E SOLIDARIEDADE









— editorial —

Vinte edicións das **Xornadas** dan para moitas páxinas expostas, moitos autores e editores paseando por elas, moitas actividades —o artigo especial que se inclúe neste número sobre a historia da nosa «**Festa galega do cómic**» deixa todo isto bastante claro—, e, esperamos, moitas persoas a descubriren cousas novas, a profundaren na súa afección ao medio ou mesmo a chegaren a el por vez primeira. As **Xornadas** nunca foron —e non dá a impresión de que a cousa vaia mudar en pouco tempo— unha actividade masiva, e iso supón a un mesmo tempo a súa vantaxe e o seu teito. Hai actividades ás cales sabemos que o público vai acudir de forma moi tímida, e iso permite dotalas dunha informalidade e dunha naturalidade que son moi apreciadas por aqueles que si se dan cita nelas. Mais o certo é que a carencia do suficiente público chega a impedir algunhas, como é o caso da parte comercial, a da venda de cómics. O ano pasado o chamado «**Mercadiño**» desapareceu completamente, despois de levarmos desde a organización moito tempo a probar moi diversos modelos. Se por un lado sería bo que un salón se liberase da súa cara comercial, que pode facer sospeitosa a súa aspiración cultural, non é menos certo que esa parte comercial pode ser a maneira de divulgar efectivamente a novena arte entre moito do público obxectivo: o ideal sería que, se alguén descobre algo novo nunha exposición, saiba a onde acudir para compralo e disfrutalo no seu medio natural —que, non esquezamos, na BD é en xeral o medio impreso, non o expositivo, unha descontextualización excepcional para chamar a atención sobre a novena arte, que en xeral non pode ofrecer unha experiencia de lectura completa ao non figuraren historias completas, nin mesmo textos nos globos, no material exhibido—. Paradoxalmente, mentres non existe un público suficiente, non hai librería que poida soportar o custo e o traballo dun posto nas **Xornadas**, aínda que se lle dean todas as facilidades. É verdade que esa é outra das melloras do panorama destes últimos anos, a existencia en todo o país, e en concreto en Ourense, de librerías especializadas —non tan completas como gustarían os afeccionados, mais indubidabelmente mellores que o baleiro anterior— e de librerías xerais con especial atención á BD; hai dúas décadas era algo impensábel. Porén, non basta con que existan, e segue habendo que levar o cómic á xente, porque non hai tantas persoas que entren nas librerías, e menos se son especializadas. Non é un pequeno problema, e non o demos resolto, mais conviría poder resolvelo no futuro.

E van 15 números desta revista. **O Fanzine das Xornadas** naceu en 1994, como medio de buscar unha comunicación máis directa entre as **Xornadas** e o seu público, dada a inexistencia dun periodismo especializado que puidese dar saída a información correcta e suficiente nos medios tradicionais da cidade. Desde un primeiro momento, a súa función foi múltiple: non só servía de complemento do ofrecido a través das exposicións e actividades, senón tamén de

extensión das **Xornadas** no tempo e no espazo. Máis que ser unha tarxeta de visita, o que conseguiu **O Fanzine**, complementando o xa logrado anteriormente polo catálogo da **Expofanzines**, foi ser unha sorte de forma virtual —daquelas, en que o de internet era algo de acceso moi restrinxido na nosa área— de **Xornadas**, que pasaron a ser coñecidas polo mundo adiante grazas á rede desenvolvida cos editores de fanzines colaboradores dunha trintena de países. Esa vertente internacional foi coidada desde o inicio, dado que as BD publicadas non eran só galegas, senón que se facía algo tan insólito no momento como traducir a galego algunhas das páxinas máis interesantes que ían sendo publicadas por fanzines de diversas partes do planeta. Viron a luz así, por primeira vez na Península ou polo menos no Estado, autores como **Marcel Ruijters**, **Ulf K.**, **Aleksandar Zograf**, **Jason** ou **James Kochalka**, e eses cómics, xunto cunha boa selección dos dos autores galegos, circulaban novamente polo globo acompañados nos países non lusófonos ou castelánfalantes —desde Brasil chegaron moi diversas mostras de alegría ao comprobaren como non existían barreiras lingüísticas cos galegos— por un suplemento de traducións a inglés (de nome «**Tarzan English**», aínda que sempre se procurou o coidado dos textos), que seguiu elaborándose até hai ben pouco tempo, aínda que coa desaparición da **Expofanzines** en 2003 a distribución internacional ficou reducida a casos concretos.

Esa desaparición da **Expofanzines** trouxo consigo tamén a diminución da presenza internacional na nosa revista, o que marcou claramente unha nova etapa, centrada máis nos autores galegos —certamente, e non imos insistir, nunha situación dentro do panorama moito mellor que a que nos encontrabamos a principios dos anos noventa—, aínda que cremos que sempre mantendo unha aposta pola calidade, e por ofrecer distintos tipos de banda deseñada, sen medo aos experimentos ou ás liberdades expresivas de cada autor, que, debe dicirse, colabora e colaborou sempre de forma totalmente altruísta.

Estamos en 2008, dezanove edicións e catorce números despois dos comezos, e non nos queda máis que presentar o elenco deste **Fanzine das Xornadas**, que como se pode comprobar é máis que interesante: intelixentes artigos de colaboradores como **Claudia Neira**, **Bernal Prieto**, **Arturo Losada**, **Roberto X. Noya** ou **Pedro Moura**, e máis cómics do máis variado en canto a estilos e temáticas, a cargo de **Brais Rodríguez**, **Kike Benlloch** (con **Hugo Covelo**, **Manel Cráneo** e **Sergio Covelo** na parte gráfica), **Jano**, **Roque Romero** e **David Rubín**, sen esquecermos a achega por parte de **Alberto Guitián** dos bosquejos para os seus acertadísimos carteis deste ano.

AS XORNADAS

Chegou a vixésima edición da Festa Galega do Cómico. Novamente, exposicións, proxeccións e outras actividades relacionadas coa Novena Arte toman a cidade de Ourense en busca de públicos diversos, tanto se gustaban previamente ou non do que pode ofrecer a Banda Deseñada.

As exposicións monográficas deste ano teñen a Rachel Deville, Enrique Flores, Filipe Abranches e Roque Romero como nomes propios. Rachel Deville naceu en Francia (Firminy, 1972), mais reside en Barcelona desde o ano 2000; é autora do álbum *Lobas* (Ediciones Sins Entido, 2007), unha reflexión autobiográfica sobre a súa condición de irmá xemelga, que parte de mitos da antigüidade, como o de Rómulo e Remo —relacionado directamente co título—, e os de Narciso, Caín e Abel, o Labirinto ou a Medusa.

Pola súa parte, o estremeño Enrique Flores (1967) é ilustrador habitual en medios como *El País*; como autor de BD, ten colaborado en revistas como *Dos Veces Breve*, e xunto con Felipe Hernández Cava publicou o álbum *Bebop* (Edicions de Ponent, 2000), acerca do jazz dos anos cincuenta e dous dos seus músicos, Chano Pozo e Chet Baker.

O portugués Filipe Abranches (Lisboa, 1965), autor de BD desde 1979, conta cunha decena de álbums individuais —entre eles, *O diário de K*, *Al'Mutamid*, *16 – 1* e *Pássaros*— e numerosos traballos aparecidos en diferentes publicacións internacionais. Esta exposición retrospectiva vén da man do Centro Nacional de Banda Desenhada e Ilustração (CNBDI) da Amadora, e é unha oportunidade de apreciar a

obra deste persoalísimo autor, aínda pouco coñecido nas terras galegas.

A última das monográficas dedicadas a un autor nesta edición é a nosa *Delicatessen* de Roque Romero. A serie *Delicatessen* consiste en propormos a un autor seleccionar dez pranchas que el considere representativas da súa obra e facer un breve comentario de cada unha (nunha exposición en marcos autoiluminados nunha sala especialmente preparada na entrada da Biblioteca do campus de Ourense). Roque Romero (A Coruña, 1978) é licenciado en Belas Artes pola Facultade de Pontevedra; entusiasta colaborador de numerosos fanzines (por exemplo, o seu *Carne Líquida*, mais tamén *Barsowia*, de cuxo equipo é parte fundamental), participou nos álbums colectivos *H₂Oil* e *Barsowia en llamas*. En 2006 obtivo un dos accésitos do Certamen Injuve de Cómico e Ilustración.

As exposicións colectivas non quedan tampouco atrás: a dedicada conxuntamente ás adaptacións á BD que de *Romeo e Xulieta* e de *Tirant lo Blanc* fixeron, respectivamente, David Rubín —con guiño de Ricardo Gómez— e Miguel Porto, que serán publicadas en breve por parte da editora SM, demostra como as tan mal afamadas adaptacións literarias poden dar moi boas obras cando están a cargo de autores solventes.

Viñeta da BD gañadora do 1.º premio do GZcrea 2008, a cargo de Martín Romero.



Quedan, aínda, dúas exposicións relativas a concursos: por unha parte, a modalidade de Banda Deseñada do Certame Galego de Creadores Novos GZcrea 2008, convocado pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, que ofrece as obras gañadoras desta edición, con traballos de Martín Romero (1.º Premio), Lola Lorente (2.º Premio), Jerónimo Piñeiro (3.º Premio) e Diego Campos Omil (Mención de honra). Pola outra, o Certamen Injuve de Cómico e Ilustración 2007, que mostra os gañadores das dúas modalidades: Daniel García Cuenca, Martín Romero, Clara-Tanit Arqué, Ferran Esteve e Esteban Hernández, na de cómic, e Raquel Marín, Nikolay Troshinsky, Ketodiko (Francisco Pereira), Martín Romero, Boris Rodríguez, Cinta Fosch e Kike De La Rubia, na de ilustración.

Ademais, a circunstancia de ser esta a vixésima edición das Xornadas dá tamén a escusa para facer unha pequena ollada atrás: os carteis de todas as edicións (con obra de Héitor Real, Miguelanxo Carvalho, Miguel Á. Chaler, Moxóm, Miguel Robledo, Tito, Paradelo, Fortes, Kiko da Silva, Fernando Ruibal,

XORNADAS de 2008

Toda a información
sobre as actividades
das XX Xornadas,
no programa de man,
gratuito, ou na web
www.casaxou.com/bd

Juan Carlos Abralde, Suso Sanmartín, David Rubín, Marcos Calo, Manel Cráneo, Jano, Cosme, Alberto Vázquez, Juan Luis Pérez e Alberto Guitián), as portadas d'*O Fanzine* (Robledo, Manel Cráneo, Fernando Ruibal, David Rubín, José Carlos Fernandes, Suso Sanmartín, Javi Montes, Guitián, Diego Blanco, Miguel Porto, Alberto Vázquez, Emma Ríos e Brais Rodríguez), algúns dos trofeos do Premio Ourense e mais outros aspectos deste case dous decenios de BD en Ourense conforman esta mostra especial.

Cinema e BD

Recupéranse nesta edición as proxeccións de cinema en pantalla grande, neste caso coa colaboración das salas Cinebox, e a habitual do Cineclub Padre Feijoo. O miniciclo que se ofrece nesta ocasión permite achegarse a dous filmes curiosamente inéditos nas salas comerciais da cidade: *El castillo ambulante* e *Persépolis*. A relación de ambas as películas coa novena arte é evidente; no primeiro caso, por tratarse da penúltima obra do xenial director Hayao Miyazaki, autor ademais de mangas —que nalgúns casos, como *Nausicaä no val do Vento* e *Porco Rosso*, inspiraron filmes dirixidos por el mesmo—, o que demostra unha certa continuidade no ámbito nipón entre a banda deseñada e o cinema de animación, con casos como os de Katsuhiro Otomo ou Satoshi Kon. *El castillo ambulante*, adaptación da novela de Diana Wynne Jones, malia non ser o mellor filme do seu autor, contén elementos que a fan unha obra digna de figurar entre as grandes do cinema fantástico,

ao mesturar compoñentes do conto infantil con partes máis escuras e complexas.

Persépolis, pola súa parte, foi unha das grandes sorpresas do cinema do último ano. Adaptación fiel, sen renunciar aos recursos propios da sétima arte, que optou decididamente polo estilo visual do cómic orixinal respectando mesmo o branco e negro das viñetas, a obra está tamén dirixida (neste caso, co-dirixida, con Vincent Paronnaud) pola autora da BD en que se basea, Marjane Satrapi, que narra de forma autobiográfica a infancia e adolescencia dunha rapaza no Irán da Revolución Islámica, e a súa emigración a Europa. Ambos os filmes foron gañadores de diferentes premios, ademais de teren sido nomeados para os Oscar na categoría de película de animación; *El castillo ambulante* recibiu a Osella de Ouro no Festival de Venecia, e *Persépolis* o Premio do Xurado no Festival de Cannes.

Non faltarán, como non faltaron nunca nas Xornadas, presentacións de diversas edicións —*Terra libre*, derradeira parte da triloxía cubana de Fran Jaraba; o segundo volume da serie colectiva *Historias de Galiza*, con guiñón de Carlos Rafael; ou o terceiro número da revista *BD Banda*— e entregas de galardóns —neste caso o Premio Ourense e os do Certame GZcrea—. O Lab·Ou (Laboratorio Galego de BD Experimental), que tan bos resultados ten dado até agora, reaparecerá con novos exercicios colectivos dentro do tradicional Encontro de BD. Todo isto e moito máis, nestas Xornadas que fan o número 20.

Fotograma da versión filmica de 'Persépolis'. © 2.4.7. Films



MERCAR NO DESERTO

KIKE BENLLOCH / MANEL CRÁNEO



RACHEL DEVILLE

ROBERTO X. NOYA

No principio está o acto creativo. Un acto que inconscientemente nos leva a todos por camiños similares, con paralelismos sorprendentes. Paralelismos que no mundo literario chegan a formular o seguinte axioma: *a literatura trata sempre dunha única historia, a vella historia do home e os seus problemas.*


A historieta é por conseguinte debedora, ou mellor dito herdeira, do feito literario, e por iso encontramos unha historia que se conta unha e outra vez con infinitas variacións. Isto coñécese como «A viaxe do heroe», doce pasos que todos os heroes percorren.

Que ten isto que ver con **Rachel Deville**? Quizá é unha obsesión miña, ou quizá sexa verdade que escribas o que escribas sempre acabas recorrendo ao mesmo camiño para lograr suscitar a empatía do lector. Entón, por que non percorrer «A viaxe do heroe», «A procura» de **Rachel Deville** e facelo dun modo claramente explícito.

Mundo ordinario

O mundo ordinario de **Rachel Deville** é conciso: naceu en Francia (Firminy) no ano 1972; o parto non foi común, trátase de xemelgas.

Tentar profundar no seu mundo ordinario é entrar no mundo da memoria, é saírse do ordinario; é por tanto un erro.



Chamada da aventura

Vivir en Francia é vivir no mundo da BD; en toda casa existen cómics ao alcance dos nenos. Son os anos de **Asterix**, mais tamén son os anos de **Didier Comès**, cos seus estranhos mundos.

Reticencia do heroe

O camiño que escoller parece obvio, as Belas Artes chaman á porta, mais resulta non ser o camiño pretendido: o que nun principio parecía dereito retórcese até que acaba truncándose.

Axuda sobrenatural

Pero o acto creativo forma parte da natureza de **Rachel**, e aínda que o camiño cara ao mundo da BD se truncase, ela insiste, e en 1996 entra no mundo da música e o teatro en Francia. Até que no ano 2000 abandona o seu país natal e as artes escénicas.

Os seus pasos encamiñana a Barcelona, onde exerce múltiples profesións, algunhas máis creativas que outras. Mentres, na súa cabeza se removen mitos gregos, **Rómulo** e

{Narciso}



Remo, instintos animais, fragmentos de memoria, e, talvez debido á distancia, xorden reflexións sobre ser «non único». Un remuíño de ideas, un tornado de sentimentos, unha volta ás orixes e asemade un salto adiante, unha sorte de inmersión, preparación ou adestramento.

Cruzamento do primeiro limiar

Entón a necesidade xorde de novo, o acto creativo reaparece con máis forza ca nunca. **Lobas** comeza a xestarse. É un acto creativo consciente, cun estilo claramente persoal e un uso de técnicas pouco habituais no medio, un lapis detallista, un universo propio e estraño nacido entre o mito e a lembranza.

Lobas é unha biografía mitificada; **Rachel** recorda xogando a titular con referencias mitolóxicas o inicio dos capítulos, e convidanos a introducirmos nun mundo de evocacións. Pois, ao proporcionarnos estas referencias, predisponnos a toda unha serie de emocións e convértenos en cómplices de todos os acontecementos posteriores. O mito incide directamente nun mecanismo psicolóxico enraizado no inconsciente colectivo; reinventándoo e dándolle a volta suscita a empatía do lector. Unha novela gráfica onde se exploran as experiencias vitais da protagonista, nesta viaxe, exterior e interior, que é a vida, onde despois de longos silencios os sentimentos son contidos ou estoupan.

Probos, aliados e inimigos

Con esta idea en mente, **Rachel** achégase á editorial **Sins Entido**, mostra as primeiras páxinas e ao editor gústanlle. A colección dedicada ás mulleres, «**Sin Nosotras**» xa ten unha nova filla.

Achegamento

Lobas está terminado, é unha estraña primeira obra, sorprendentemente madura. **Lobas** é unha proba superada coa súa publicación, que é tamén estraña ao aparecer directamente no mercado español; talvez se aproveita de

certa conxuntura do medio, que intento tras intento sae ao mundo xeralista, e a **Rachel** colócanlle dúas etiquetas, a de *novela gráfica* e a de *voz feminina*.

Proba difícil

O baleiro posterior a tamaño esforzo inunda a nosa autora, e nos primeiros meses, quizá polo asolagamento de produtos de nadal de editoriais máis grandes, a obra pasa inadvertida.

Recompensa

O boca a boca funciona, e, aos poucos, **Lobas** adquire certo carácter de permanencia no colectivo de lectores, comeza a ser recomendada desde certos estamentos e referenciada en publicacións teóricas e exposicións varias.

A recompensa é tamén sentimental, cando a xemelga se emociona ao ler o que contou a súa irmá.

Camiño de volta


A realidade no mundo da BD é cruel, e o ser humano debe cubrir as súas necesidades básicas, así que **Rachel**, en canto intenta ou lle intentan vender a súa obra noutros países, segue en Barcelona, seguramente con algún traballo non creativo.

Resurrección do heroe



Mais **Rachel** encontrou o seu camiño, ten claro os seus intereses, o explorar os mundos entre a realidade e a fantasía, sexa co recordo ou non. Ten un estilo definido, unha voz propia, algo que é difícil de encontrar hoxe en día.

Regreso co elixir

Estamos esperando con impaciencia o seu seguinte traballo, do cal xa vimos páxinas; un traballo que pode consagrar a **Rachel** como unha das grandes autoras de BD do século XXI.



VIAVA NARBORTE



Descubriendo(me) a **Enrique Flores**

CLAUDIA NEIRA

Ilustrar ás veces pode ser un traballo anónimo, e tamén un pouco ingrato. Non deixa de resultar curioso que a pegada dunha imaxe, a pesar de ser máis forte na nosa memoria, acabe por diluírse fronte á palabra, quizais máis famosa pero desde logo máis difícil de reconecer a simple vista que o traballo do ilustrador. Por ese motivo é máis frecuente dicir «gustoume moito o debuxo que acompañaba o artigo de... que vén hoxe na cuarta páxina de *El País*» que «pareceume xenial a ilustración de **Enrique Flores**».

E iso que este estremeño que xa pasa dos 40 —aínda que non os aparente— non é nin moito menos un acabado de chegar. A cabalo entre a licenciatura en Belas Artes na Complutense e os estudos de Deseño Gráfico en Londres, **Enrique Flores** decidiu, tras unha breve incursión no mundo da publicidade, gañar a vida como ilustrador. Unha profesión que tamén se atopa a cabalo de moitas outras: pintor, artista conceptual, humorista gráfico...

Unha ollada á súa páxina web (www.4ojos.com, dominio que comparte coa tamén ilustradora e deseñadora **Antonia Santolaya**) deixa claro que **Enrique Flores** decidiu dedicarse a aquilo que máis lle gustaba. O que mira, o que fai, o que le, todo parece estar cuberto por unha fina capa de acuarela.

Víñeta do álbum 'Bebop'.

Só así se explica que ademais de traballar ilustrando literatura infantil e xuvenil, revistas, libros de texto, facer a súa contribución a *El País* e parir durante un tempo a viñeta para o semanario *Voz Emérita*, teña este home a paciencia e as ganas para crear fermosos cadernos de viaxes que os que non sabemos debuxar admiramos cun punto de saudable envexa. Porque recoller os rostros e os lugares polos que un pasa é un proceso que require un grao de esforzo e intimidade que desde logo non ten a fotografía e no que moitas veces a palabra erra o branco.

Precisamente asumindo «o dereito a errar», segundo el mesmo conta, **Enrique Flores** evita usar o lapis antes que o pincel, aínda que con frecuencia se lamenta non «facerlles xustiza» ás persoas que retrata, e que rematan por pasar ao papel perdidas no plano xeral dunha rúa ou no medio dunha paisaxe á que dotan de vida a pesar de ser tan só pequenos borróns de cor.

Debuxo e texto en simbiose

Coa súa capacidade para observar o que o rodea, pero tamén para facer da letra imaxe, resultaríaa estraño que **Enrique Flores** non fixese tamén unha incursión no mundo das viñetas. Aí está o álbum colectivo *11-M. Once miradas* (Edicions de Ponent, 2005) sobre os atentados que en 2004 sacudiron Madrid e toda España, ou *Bebop* (Edicions de Ponent, 2000) en que o debuxo e o relato mecánografado de **Felipe Hernández Cava** nos mete no ambiente e a época de dous dos grandes músicos do jazz: **Chano Pozo** e **Chet Baker**. Un álbum co que **Enrique Flores** gañou o Premio ao Mellor libro Ilustrado en Lingua Castelá da Generalitat Valenciana do ano 2000.

Este mesmo verán saía á luz a historia «**Hombres de noviembre**», con guiión de **Jorge García** e publicada no libro colectivo *Weimar desde la memoria*, editado na **Semana Negra de Xixón**. Unha historia breve pola súa extensión —tan só catro páxinas— pero na





Secuencia da BD «Grial», con guiión de Jesús Zomeño.

cal a palabra e o debuxo conseguen evocar 14 anos da historia de Alemaña tras a I Guerra Mundial.

Non hai na súa obra gráfica complicados experimentos coa narrativa secuencial nin co debuxo. As acuarelas, que case flúen das xemas dos seus dedos, seguen omnipresentes, e o relato vaixe formando por unha simbiose estraña na que a palabra parece ter moito máis peso que o debuxo, pero sen este é incapaz de contar nada. Unha forma de narrar que non é moi habitual no cómic contemporáneo, ás veces cegado por unha compulsiva busca do dinamismo que fai que se perdan de vista todos eses ocos escuros do relato sobre os que un debuxo máis pausado arroxa unha raiola de luz.

Unha fiestra á literatura

A produción máis extensa de Enrique Flores atópase rodeada de palabras alleas, nos libros que desde hai anos vén ilustrando para algunhas das principais editoriais do país, como Anaya e SM. Son libros que, salvando títulos considerados clásicos da literatura, como *Dr. Jeckyll & Mr. Hyde*, *O conde de Montecristo* ou as *Novelas exemplares* de Miguel de Cervantes, se encadran nas coleccións de narrativa infantil e xuvenil, as únicas, con contadas excepcións, nas que se segue apostando polas edicións ilustradas.

Como ilustrador de libros, Enrique Flores vai variando de estilo segundo lle vaia mellor á historia, desde un debuxo que se aproxima máis ao estilo *cartoon* ata colaxes e ilustracións en branco e negro que beben directamente do expresionismo cinematográfico. Unha mágoa que por cuestións editoriais esa primeira fiestra de aproximación á lectura na infancia pareza condenada a pecharse para sempre cando un medra.

As outras palabras que rodean o traballo deste estremeño son, desde hai máis dun ano, os artigos de opinión da cuarta páxina de *El País*. Un espazo no que demostra unha capacidade envexable para conxelar ideas en imaxes, dándolle moitas veces un punto acedo que ten bastantes puntos en común coa retranca galega. A tónica común a todas elas parece ser un trazo *imperfecto*, no que as liñas e as cores escapan do marco pechado das figuras, e que lembran ese acabado *artesanal* que as impresoras tipográficas lle daban ás páxinas, antes da chegada do offset.

Ás veces merece a pena deterse a ler a letra pequena na cuarta páxina dun xornal ou dun libro se así se descobre xente como Enrique Flores.

Outra viñeta da historia «Grial».



A ousadía de debuxar letras

ARTURO LOSADA BALLESTERO

Os visitantes da vixésima edición das **Xornadas de Banda Deseñada de Ourense** (que maiores imos xa...) poderán contemplar en primicia como dous dos mellores narradores do pequeno mundo do cómic galego cometeron unha enorme ousadía. Falo de **David Rubín** e **Miguel Porto**, que como pode testemuñar quen se achegue a ver as exposicións deste ano, aceptaron levar á historieta, en clave xuvenil e en volumes de trinta páxinas, dúas obras literarias como son *Romeo e Xulieta* e *Tirant lo Blanc*, por un encargo da editorial SM. O que se di dous auténticos temerarios.



mente pola súa capacidade para evocalas, para tocar coas mesmas palabras distintos resortes nas mentes de distintas persoas.

Iso é algo que ten que ter en conta calquera que cometa a ousadía de poñerse a adaptar unha obra literaria a calquera outro medio, como pode ser a linguaxe se deu en chamar banda deseñada, historieta, cómic ou como quer cada quen. O caso é que a tal arte se basea en mesturar o texto para representar fonemas coa secuencia de imaxes para representar acción. Desta complicadísima xogada sae, contra todo prognóstico, un resultado de lectura sinxela e grande potencia narrativa, pero que ten unha notable diferenza en desvantaxe con respecto á literatura: que as súas representacións visuais están fixadas.

Por que? Pois porque, aínda que ao comezo a escritura e o debuxo eran o mesmo, non é así dende que a algún sumerío se lle ocorreu que era mellor que as letras representasen sons e non obxectos. A idea foi boa, indubidablemente, e fíxo a palabra escrita máis sinxela de empregar e aprender, pero nin tras todos estes séculos de alfabetos fonéticos, o texto escrito perdeu a súa relación coa imaxe.

Sendo a vista o principal sentido do homo sapiens, a as cores, as formas, os rostros e os lugares que están encerrados dentro das frases e as palabras desfilan por dentro da cabeza da persoa que as le, chamando á porta da súa memoria visual para atopar aló escenografía para a súa función. Os homes pensan en imaxes, así están deseñados, e esa arte da escrita coñecida como literatura existe precisa-

Nas ilustracións, algunhas imaxes das adaptacións de 'Romeo e Xulieta' (David Rubín) e 'Tirant lo Blanc' (Miguel Porto).



O rostro dunha personaxe debuxada será sempre o mesmo, mentres que o dun descrito con palabras variará na cabeza de cada lector. Os escenarios, os obxectos e os detalles pintados nunha viñeta están descritos inequivocamente polo lapis e a tinta cunha exactitude que nin o literato máis realista pode emular, xa que a súa pluma depende moito máis da capacidade do público para interpretala. Ou sexa, en poucas palabras, que os detalles que quedan sen expresar fóra do marco das viñetas son moitos menos que os que se saen do trazo que forma unha palabra.

Polo tanto, cando un autor de banda deseñada acepta adaptar unha obra literaria está a cometer a ousadía de escoller a súa interpretación do texto por enriba de todas as outras posibles. Escolle o físico dos protagonistas, a súa vestimenta, os seus acenos e ata a cor da que están pintadas as paredes dos seus cuartos cun nivel de detalle que talvez o autor orixinal non chegase a imaxinar.

Todo un risco, pero, a falta de ver os textos que acompañan ás súas páxinas, coido que **Rubín** e **Porto** demostraron ser quen de superalo moi dignamente, conscientes de que o seu traballo neste caso está máis preto daquelas modestas *Joyas Literarias Ilustradas* que nos oitenta contaban con viñetas as aventuras clásicas de **Jules Verne**, que da ambiciosa adaptación que **Paul Karasik** e **David Mazzucchelli** fixeron da *Cidade de Cristal* de **Paul Auster**. Nada de que avergoñarse, tendo en conta que no terreo divulgativo as primeiras lograron formar a toda unha xeración de lectores, e a segunda, como moito, animou uns cantos columnistas de suplementos culturais a ler un tebeo por primeira vez en anos.

'Romeo e Xulieta', clásico e 'rubinesco'

Certamente, a decisión de escoller a **David Rubín** (Ourense, 1977) para adaptar *Romeo e Xulieta* ten moita lóxica. A coñecida traxedia romántica de **Shakespeare** queda moi preto das historias que

adoita contar este creador de personaxes angustiados, desamores e confesións diante dunha copa de licor café, salvando a diferenza dos séculos.

Para retratar Verona nas súas páxinas, **Rubín** opta por suavizar o seu debuxo e abandona parte da súa tendencia ao barroquismo, especialmente no entintamento, pero en todo o demais mantén o estilo que o levou a ser un dos autores máis premiados da banda deseñada galega.

Conserva toda a súa forza narrativa, cunha posta en páxina que non dá máis respiros do necesario (algo case obrigado nunha historia de só 30 páxinas). Pasa a Italia do Renacemento pola súa estética inculcificable, entre o manga clásico e o *underground* máis transgresor.

E resulta impresionante ver como as escenas de teatro vistas e lidas unha e mil veces en mil e unha adaptacións son recoñecibles, á vez que fondamente 'rubinescas', escuras, oníricas. O artista ourensán ponlles a súa marca aos personaxes sen necesidade de grandes cambios no canon clásico. Nesta versión, a capa de **Romeo** fúndese coas nubes cando trepa ao balcón de **Xulieta** por unha enredadeira que semella danzar pola parede mentres olla cara a unha Verona saída dun reino de fantasía. Son as imaxes que o texto de **Shakespeare** espertou na mente de **Rubín**.

O gañador do premio ao mellor autor novel do Saló del Cómec de Barcelona en 2007 demostra con este traballo que non hai nada co que no se atreva. A publicación do álbum de **Romeo e Xulieta**, unha adaptación xuvenil na que traballa con guión alleo (o de **Ricardo Gómez**, para ser exactos) chega pouco despois da estrea do filme que creou como codirector, **Espírito do Bosque**, e pouco antes da saída do que el mesmo describiu como o tebeo máis difícil e persoal que fixo ata a data: **Cuaderno de Tormentas**. Sumémoslle a isto a súa recente serie de tiras cómicas para o **Periódico de Catalunya**, «**Jekyll y Hyde, detectives... o algo así**», con guiños de **Jorge García**, e poderemos ver que **David Rubín** é un auténtico artista todoterreo. E agardemos que lle quede inspiración para moitos anos.

O romance entre 'Tirant lo Blanc' e a liña clara

Da outra banda desta exposición, **Miguel Porto** (Vigo, 1980) opta por manter o seu estilo máis habitual, esa inconfundible versión galega da liña clara, para narrar a historia de amor, humor, sexo e aventuras de **Tirant lo Blanc**, o cabaleiro que é peza clave da literatura en catalán.

Lonxe de buscar un ambiente de épocas pasadas, ou a construción reverencial dun mito, **Porto** toma a lenda de **Tirant** como o que foi no seu día, un divertimento para os lectores, unha boa historia para evadirse, rir un rato coas bromas e angustiarse coas intrigas. Esa e non outra foi a intención de **Joaquim Martorell** (e calquera outro autor que tivese o



texto, que os filólogos non se poñen de acordo) cando levou á imprenta a súa novela cabaleiresca.

As bandas deseñadas de liña clara tiveron esa mesma intención de seren divertimentos, traballos para facer pasar un bo rato sen renunciar á calidade artística, á busca de solucións enxeñosas e a apertura de camiños dentro da linguaxe que estaban a empregar. O exemplo inevitable é o **Tintín** de **Hergé**, talvez a historieta máis influente de todo o continente europeo.


Por iso a decisión do vigués de presentar un mundo dinámico e colorista, con máis atención á acción que aos detalles, un puro relato de aventuras, é moi acertada. Trátase dunha obra máis próxima por estética e estilo ao **Rocco Vargas** de **Daniel Torres** que a **Les tours de Bous-Maury** de **Hermann**, por moito que o último traballo represente unha época histórica máis análoga. É o de **Porto** un medievo puramente aventureiro, cabaleiresco, que entra polo ollo e dá ganas de coñecelo mellor. Esas foron as imaxes que lle suxeriu a el a lectura de **Tirant lo Blanc**, e, a través do salto dos séculos, é moi respectuosa coa obra orixinal.


Estas páxinas dan gana de ver como sería un álbum deste autor de BD e ilustrador vigués, que gañou o seu primeiro premio adulto precisamente nestas **Xornadas de Banda Deseñada de Ourense** (en 2001, pola súa obra **O que non se ve**). Non un relato breve, nos que este autor, que publicou en case cada fanzine e revista importante do panorama editorial español, é tan prolífico. Nin tampouco unha adaptación como a que nos ocupa, senón unha historia longa, persoal, na que a súa pluma constrúe un mundo propio. Potencial, dende logo, sóbralle.






**LOVE
EATERS**
DAVID RUBIN















DAVID RYBITZ

FILIPE ABRANCHES

PEDRO MOURA

Estamos a ver a exposição de Filipe Abranches. Ou a folhear várias publicações, talvez um catálogo, com os seus trabalhos. De repente, surge uma dúvida. «Será o mesmo autor?». Voltamos às páginas das publicações, baixamos a cabeça na direcção da legenda. Confirma-se. É, sim.

Num outro texto onde tive o prazer de escrever sobre Filipe Abranches, chamei-o de «cama-leão ameno». A primeira palavra é fácil de entender. Cada nova história do autor parece revestir-se de um novo estilo, em que demonstra de uma maneira profunda e pessoal a necessidade de destruir a dicotomia entre *forma* e *conteúdo*, para surgir a ideia completa do *modo*. Na viragem da década de 1990, publicou-se uma revista, hoje mítica, intitulada *Lx Comics*. Abranches participou nela e chegou mesmo a ter duas histórias num só número, as quais pareciam desenhadas por duas pessoas de sensibilidades muito diferentes. Mas não, a razão é que essas sensibilidades nunca são contraditórias na vida de um homem. Simplesmente vivem e, por isso, se expressam. Esse facto está também relacionado com um longo caminho de aprendizagem e de experimentação e ainda de leitura (de Varenne, Loustal, Magnús, Tardi, Crécy, etc.), em que a mão do artista oscilava entre vários territórios, formando assim o seu próprio terreno, que se transmutava de acordo com a respiração do momento.

Mas é também «ameno», uma vez que não se instala nesta oscilação uma qualquer crise de personalidade ou um dramatismo histriónico e despropositado. O artista faz *assim* porque é assim que deve fazer, e não de outro modo. Não se



Ilustrações de Filipe Abranches para o livro 'Long Knives through the Grapevine', de Les D. Turley, publicado por Opuntia Books.

trata da vontade de mostrar um qualquer virtuosismo de feira, ou montar uma espectacularidade que se esgotaria na superfície das diferenças. É preciso ver que sob essas aparentes dissemelhanças corre um rio com a mesma fonte e, adivinhamos nós, com a mesma foz, numa corrente calma e segura. É próprio do seu ritmo e da sua expressão essa busca pelo equilíbrio feliz e a execução mais exacta.

Os seus trabalhos são muito variados não apenas em termos desses

estilos, mas também nos propósitos. Encontrar-se-á, num dos pólos do espectro, uma encomenda institucional, *A História de Lisboa*, que fez com um historiador famoso, A. H. de Oliveira Marques, e, num outro, *O Diário de K.*, uma adaptação pessoalíssima da novela de Raul Brandão *A Morte do Palhaço*. Este espectro é construído pelas pulsões das condições primeiras, mas rapidamente se tornaram circunstâncias que permitiram o trabalho livre do autor. *A História de Lisboa* em nada se assemelha às centenas de livros pedagógicos ou de histórias simplistas para serem utilizados nas campanhas publicitárias e políticas da «grande educação»: é uma história singular de uma cidade singular. A adaptação do livro de Brandão não se assemelha de modo algum às adaptações que preocupam em traduções fracas, ponto por ponto, dos eventos de uma novela: é uma reinterpretação profunda que transforma a ambiguidade do autor literário na ambiguidade do autor da banda desenhada.

E em nenhum caso se trata de *evolução*, mas tão-somente daquela sapiência artística em procurar o melhor equilíbrio possível, de que o gesto autoral de Filipe Abranches é capaz.



Depois há uma mão-cheia de pequenas histórias e peças, usualmente sobre cidades, Lisboa ou outras... A série de retratos oníricos de Bruxelas, os postais da 1.ª Grande Guerra, ou as cidades que em vários momentos são retratadas por Abranches como se fossem gaiolas dentro de gaiolas dentro de gaiolas... Das quais os pássaros-homens raras vezes escapam, talvez apenas morrendo.

São gaiolas nas quais entramos por nossa vontade e nos queremos perder e demorar.



SABES, MCHENRY...

...EU NON PENSO LEVAR O GANDO DE LARSON DAQUÍ PARA ALÁ ATÉ CAER MORTO DE VELLO COMO FIXO LITTLE OLD BOB



TEÑO LUNS CARTIÑOS AFORRADOS ..

...E O OLLO BOTADO A LINHA LEIRIÑA DE 60 ACRES ALÁ EN COLORADO



PENSO PEDIRLLE A EMILY MURDOCK QUE CASE COMIGO ...

...E ESTABLECERME E DEDICARME ALÁ NA MIÑA PROPIEDAD A CRIAR PORCOS



RICK, MELI, SINTO TER QUE DICIRCHE ISTO...

MAIS ANTES DISO MORRERÁS ESGANADO PELEXANDO CON HANK MCCOY A RAIZ DO TEEI ALCOHOLISMO E DE TANTO XOGAR POKER

LISTEN



SORRY OLD CHAP!!

SABES, MCHENRY...



HOLY SHIT!!!!

...SEMPRE ME TOCOU O CARALLO A TÚA CAPACIDADE PRECOGNITIVA

BENLOCH & COVELOW 2008

Romántica e mitificada, pero non por iso menos verídica, visión de RRR

BERNAL PRIETO

Comecemos polo principio.

Roque é un tipo singular que chegou ao mundo cun problema de fábrica. Cando os seus padres decidiron, ou, simplemente, se puxeron a procrear, seguramente non se decataban da consecuencia lóxica de ter un fillo... É dicir, os seus dous primeiros apelidos mesturaríanse formando os do cativo en cuestión.

Isto non suporía maior problema se non optasen polo nome do noso gallardo protagonista, creando así unha sonoridade única que trouxo de cabeza ao máis pintado dos recitados de trabalinguas. **Roque Romero Rúa**, como o oen, con esa vibrante aliteración do erre. Imposíbel que unhas siglas, que veñen ser iguais á onomatopea propia do anoxo, non influán dalgún xeito ao portador das mesmas.

Ha de haber xente que poña en dúbida a teoría de que un nome poida marcar o futuro comportamento dunha persoa, mais só fai falla reparar na súa vida para decatarnos de que **Roque** subsistiu sempre baixo o xugo desa fera consoante, dese son rudo que conseguiu marcar a súa personalidade ata mudalo nunha contrapartida retorcida e maligna de si mesmo, nese ser que campá folgado polo panorama artístico, debuxeiro e comiquil agasallándonos obras de coidades e obsesivos trazos: el é o **Paciente R**.



Persoalmente teño o convencemento de que **Paciente R**, ese alter ego xenial e lunático, naceu nunhas divertidas clases de debuxo que sufríamos durante os nosos estudos na excelsa Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Unha entrega docente afectada por un nada sutil problema de pronunciación toleaba ante tamaño argucia do destino, a saber, ter na súa clase o alumno co nome máis reviradamente cheo de erres. Esta situación converteuse nunha continua brincadeira, propia dunha película dos **Monty Python** (si, esa que vostede e mais eu sabemos), un acto tan cotián como o pasar lista aos asistentes ás clases. E foi así como, pouco a pouco, algo escuro foi medrando na alma de **Roque**. Por cada erre mal pronunciado o seu estilo volvíase máis retorcido e sinistro; ante as gargalladas dos compañeiros, a súa grafía reviraba formando enleados e ambiguos motivos. Pero entón **Roque** era aínda o noso **Roque** que xogaba a ser **Paciente R**.

Durante esta época o noso admirado amigo seguiu a mergullarse no lado máis extremo da Arte, con suxestivas obras que abundaban no máis perverso do ser humano. Na facultade aínda se lembra con horror o fétido cheiro a margarina derretida dunha peza de escultura ou os non menos noxentos cadros de carne e vísceras. Pero estes fatuos intentos non colmaban o seu desexo de digievolucionar até o creador maxistral que finalmente sería.

Aínda que destaca de forma admirábel en todas as disciplinas do panorama beloartístico, non sente ese frescor íntimo que saborea todo verdadeiro xenio. Será despois de enfrascarse en múltiples proxectos da máis diversa índole (que pasarían pola videocreación até o posado vigorosamente espido) cando o noso admirado adaiñ resolverá facer público e notorio o torrente creativo que sempre levara no interior. A cuestión era reencontrar o medio axeitado, volver a esas orixes semi-sepultas pola vacuidade da docencia artística, recuperar a linguaxe que mellor canalizou ese fluxo desbordante de creación... Falamos da etapa en que **Roque** comeza a presentar, a xeito de traballos para as distintas materias, toda sorte de **bandas deseñadas, tebeos e fanzines**, e a defendelos e gabalos como unha das Belas Artes.

Malia que anteriormente e cunha certa periodicidade **Roque** publicara distintas obras principiantes en diversos fanzines (entre os que destaca fundamentalmente o atípico **Contubernio**), conta agora cun novo pulo que o arrastra á furibunda creación historietil, e que podemos focalizar en dous feitos concretos: a reacción contra unha visión da Arte Contemporánea demasiado conservadora dentro dos parámetros da facultade de Belas Artes (especialidade de cómic xa!), e, algo fundamental, a amizade, colaboración e entendemento con diversas figuras coas que atopa vencellos que van máis aló do puramente creativo.

É así como vemos unha evolución e un enriquecemento da figura de **RRR**, quen inicia colaboracións portentosas con artistas-amigos polos cales sente unha afinidade máis

que importante, entre os que destacan **Brais Rodríguez** e **Diego Blanco**, con quen perpetra magníficas atrocidades creativas. Nace así *La piedra que hace om*, fanzine onírico-musical acompañado de dobre CD con creacións de música electrónica a cargo deste maravilhoso trío. Tamén será salientábel o experimento de banda deseñada en tempo real *Los animales de la granja de la muerte*, curioso esperpento, no sentido valleincliniano, que inclúe narracións alteradas das vidas deste alegre grupo. Por último, destaquemos o nacemento da lonxeva publicación *Carne Líquida*, revista que ininterrompidamente se dedicou a derrubar os muros da convención formal no que a narración gráfica se refire, e que incluíu durante os seus sete números o máis escollido do mundiño artístico e comiqueiro.

É así como, mal aconsellado e peor influenciado, **Roque** acabará formando unha estraña comuna con estes dous compañeiros de peripecias artísticas, aos cales en pouco tempo se lles unen o arriba (ou abaixo, que a ver como maquetan isto) asinante, é dicir, eu, e un repoludo cabaleiro do sur alcumado **Txupabli**. Este epicentro de creación desestabilizada, que algúns referiron como «Pisiño dos Cochis» ou «**Warrior's Zone**», fará que a personalidade desestruturada de **Roque** se achegue perigosamente ao maravilhoso descontrol que coñecemos como **Paciente R**.

Se as cosas se estabilizasen nese momento —vamos, que se tivesen seguido o curso normal—, presupomos que **Roque**, do mesmo xeito que tantos outros estudantes da súa mesma carreira, tería tranquilizado paulatinamente, esquecendo a febre comiqueira-ilustradora pola que se vía dominado, e finalmente remataría por presentarse a unhas oposicións que fixesen que a súa santa nai non tivese que preocuparse nunca máis polo futuro laboral do seu fillo. Pero un novo feito complicará aínda máis o xa de por si intricado camiño do noso sombrío heroe... A instancias dos seus compañeiros de peripecias vese inmerso nun estraño proxecto editorial tristemente coñecido como **Polaqia**, que representa un novo acicate para que en lugar de enderezarse e estudar unha carreira de ben (Dereito, por exemplo) se vexa atraído de novo cara á tolemia e o desvarío.

Nun estado mental fóra de si, decide acompañar nesta triste aventura os novos compañeiros de lapis, como o ilustre **David Rubín** ou a perturbadora **Emma Ríos**, que non fan mellor cousa que animalo para que siga a debuxar, co que acabará por participar activamente na multipremiada revista *Barsowia*. A partir de aquí máscase a traxedia (CHAN CHAN CHAN).

Rematada a facultade e ante o pánico que produce o mundo real a alguén que sae dunha burbulla de cinco anos de pintar lindos borranchos, vemos que o noso antigamente afábel compadre se reclúe voluntariamente na soidade da rural casa familiar, dedicando incontábeis horas á creación compulsiva de fermosísimos e escuros debuxos, de reviradas e sublimes bandas deseñadas... Crea un espazo en internet, o seu admirado blog **Atrocity Exhibitions**, e comeza a facerse chamar **Paciente R**... o principio da fin.

Vemos o noso antano gallardo amigo esfolando a súa vida, obra e sabedoría continuamente na rede de redes, mentres o seu físico e a súa fibra moral se ven afectados pola perversión intrínseca desta nova tecnoloxía coñecida como internet. Produce tal cantidade de sublimes creacións que nas

súas inusuais escapadas a capitais de provincias, en arrebatos de xenerosa furia, acaba por agasallar estampas orixinais a todo aquel que se cruza pola rúa. Aquí temos a quen foi un grande home e mellor amigo convertido nunha sombra de si mesmo; ollen con tristura como ese enorme xenio se ve atordado polo frío golpe da realidade...


Sorte que, como nos malos soños, as cousas mudan rapidamente, e máis cando un é un homiño co inmenso talento e a boa arte que caracterizan o noso querido **Triple Erre**. É fermoso velo agora mesmo, cunha vida encamiñada, fachen-deando dun enorme recoñecemento laboral e persoal, e todo iso sen perder un ápice da frescura desenfadada nos seus debuxos nin a tolemia da súa indómita narrativa.


Así que, tras este tempo vivido cunha chea de xenial produción, a un inchaselle o peitiño ao ver como este ano o amigo **Roque** é amplamente recoñecido polo seu inmenso talento. Acaba de sacar un bonito libro de bosquejos con **Polaqia**, que chamamos *Sketchbook n.º 2 Roque Romero* (seino, un nome demasiado conciso), e dedícanlle a exposición **Delicatessen** nestas **XX Xornadas de Banda Deseñada**. Aconséllolles ferventemente que se deixen levar por eses trazos recargados e hipnóticos, por esa beleza esgazadora que deixa translucir un mundo interior vasto e íntimo.



E se xorde, aínda que desgraciadamente non é algo que poida estar ao alcance de todos, fáganse amigos de **Roque Romero Rúa**, porque é unha fermosa persoa, adorábel en todos os sentidos, que precisa que lle dean apertas e cando en cando.

«Bitemarks», BD de Roque publicada orixinalmente en 'Carne Líquida'.









20 EDICIÓNS DAS XORNADAS DE OURENSE

H. T.

Ou 19 mais a edición actual. Sirva este breve repaso polos seus fitos máis importantes como posíbel apuntamento para unha futura historia das Xornadas.

1 Corre o ano 1989.

A **Casa da Xuventude de Ourense** leva xa algún tempo organizando concursos de «historietas en banda deseñada ou cómic», e os membros impulsores de varios fanzines de BD da cidade uníronse para compor un grupo máis forte chamado **Frente Comixario**. A Casa da Xuventude —e nomeadamente o seu director, **Benito Losada**— apoian o proxecto desde o comezo, e despois dun número 0 cos resultados de varios certames de cómic da Casa ve a luz o número 1 da revista homónima do



Ilustrando o artigo, os cartéis das dezanove edicións anteriores das Xornadas, a cargo de (por orde de antigüidade): Héitor Real, Miguelanxo Carvalho, Miguel Á. Chaler, Moxóm, Miguel Robledo, Tito, Paradelo, Fortes, Kiko da Silva, Fernando Ruibal, Juan Carlos Abraides, Suso Sanmartín, David Rubín, Marcos Calo, Manel Cráneo, Jano, Cosme, Alberto Vázquez e Juan Luis Pérez.

colectivo. Os esforzos de ambas as entidades xúntanse tamén na organización dunhas modestas xornadas dedicadas ao cómic. Nacen así, na segunda quincena de outubro, as **Xornadas de Banda Deseñada de Ourense**. As exposicións están repartidas entre os locais da propia Casa da Xuventude e máis catro cafés da cidade e a **Galería Sargadelos** ourensá; compoñen o programa a exposición «**Panorama da BD Portuguesa**» —organizada pola asociación **Comicarte** do Porto—, a dos gañadores do V Concurso de BD da Casa da Xuventude, a titulada «**Cine e historietas galega**» —organizada para as **Xociviga** polo Cineclub **Carballiño**—, dúas mostras colectivas de traballos feitos polos membros de **Frente Comixario** e outras dúas dedicadas a **Macaco** (Manuel Caride) e a **Xaquín Marín**. Completan o programa un obradoiro de BD dirixido por **Manolo Figueiras**, dúas mesas redondas («**A violencia no cómic**» e «**A situación da BD**»): nesta participan **Miguelanxo Prado**, **Paulo Amorim**

—do Salão de BD do Porto—, **Xan Comesaña** —do fanzine vigués **O Coiote**— e **Eduardo Galán Dudi**), sesións diarias de vídeos de animación, un taller para nenos e unha asemblea de debuxantes, así como unha festa de clausura.

2 A presenza das Xornadas vai asentándose aos poucos na vida cultural ourensá. A segunda edición conta xa con dous locais importantes da cultura da cidade das Burgas: o **Museo Municipal** e o **Liceo**. Esta edición ten moita presenza portuguesa (a colectiva «**Más Criações**» e as dedicadas a **Arlindo Fagundes** e **Pedro Morais**), unha exposición do **Injuve** («**Papel de Mujeres**»), tres dedicadas a autores de **Frente Comixario** e unha produción propia que servirá de punto de partida para moitas cousas na BD galega, pola reunión, na mostra e no catálogo, da práctica totalidade de autores en activo: «**Debuxantes en Banda**». Comeza tamén, de forma aínda tímida, a **Exposición de Fanzines** —anos máis tarde rebautizada como



Expofanzines—, e con ela a participación do **Colectivo Phanzynex**, que tamén organiza un ciclo de cinema en vídeo. Organízase ademais unha mesa redonda sobre «**A BD e as outras artes**», e fanse uns encontros galaico-portugueses cunha delegación da **Comissão de Jovens de Ramalde** (grupo organizador do Salão do Porto).

3 As Xornadas de 1991 ofrecen unha mostra antolóxica de **Max**, e as tituladas «**¡Qué joven tebeo!**», do Concello de Murcia, «**El cómic contra la droga**», da FAD, «**Xesús Campos, referencia urxente**», de **Can Sen Dono**, e «**Nuevas viñetas**», do **Injuve**; comeza a haber dous concursos rela-



ccionados con Ourense (o da Casa da Xuventude pasa a ser asumido pola Xunta de Galicia, e créase o Premio Ourense, que ten inicialmente unha categoría dedicada a afeccionados, de acordo cos resultados do certame, e outras dúas: ás personalidades dentro da BD galega e ás mellores iniciativas institucionais ou colectivas). Preséntase o fanzine *Léndia Prea*, novo produto de Frente Comixario, e nas mesas redondas participan Faustino R. Arbesú, de *El Wendigo*, Carlos Portela, Xan López Domínguez, Xosé Manuel Moxón e Xesús Franco, de Edicións Xerais.

4 Na cuarta edición varíanse as datas desde a segunda á primeira quincena de outubro —o que se manterá definitivamente—. É o único ano en que as instalacións da Casa da Xuventude non poden ser empregadas como centro de exposicións e actividades por encontrarse o edificio en plenas obras de reforma da fachada, e hai que substituíla excepcionalmente pola residencia xuvenil Florentino López Cuevillas. As exposicións principais son unha antoloxía de Miguelanxo Prado, e mais as tituladas «Una historieta democrática», do Ministerio de Cultura —na inauguración está



presente J e s ú s Cuadrado, comisario da mostra—, e «Nuevas viñetas 91», do Injuve, así como unha mostra do manga *Dragon Ball* organizada por Ficomic. Preséntase, xunto co n.º 4 de *Frente Comixario*, a súa nova revista *Special* (co número 1 dedicado aos zombis), e no encontro de fanzines participan ademais representantes do catalán *Barcelona Cómics*, do navarro *Napartheid* e do portugués *Epitáfio*.


5 Chega en 1993 unha mostra producida en colaboración co grupo asturiano *El Wendigo* «Cor e aventura en domingo», con pranchas cómicas clásicos tomados de xornais europeos e americanos de entre 1900 e 1969, e mais outra portuguesa titulada «Jovens Europeus», que conta con obra de José Carlos Fernandes, entre outros: tamén a exposición «O cómic en Galicia»,

patrocinada pola Deputación da Coruña. Frente Comixario presenta exposicións cos orixinais do seu *Special Pelegrin* (estamos no ano da recuperación oficial do Xacobeo e do impulso da súa mascota), o álbum *Papagaio Spray*, de Fernando García Varela, e mais o número 6 da revista homónima do colectivo, que será a derradeira. Son momentos de cambios, xa que Frente Comixario comeza a desaparecer como colectivo, e deixa paso na organización a Phanzynex. Son convidados deste ano Andrea Parissi, editor neste momento do fanzine *Microphonie* (anos despois, será promotor de *Dude Cómics*), Juanvi Chuliá (dos fanzines *El Maquinista* e *EMM*) e Juan Carlos Gómez, de Camaleón Ediciones.

6 As Xornadas traen a Ourense exposicións do Superlópez de Jan; a titulada «Pulp Art», de Gallardo; os orixinais da interpretación que fixo Miguelanxo Prado sobre *Pedro e o Lobo* —con cuxas viñetas se prepara un pequeno audiovisual ad hoc—, e a mostra «Xesús Campos. Unha visión aguda e vertixinosa de Galicia»; a «5ª Exposición de Fanzines e Prozines de BD» pasa a denominarse Expofanzines, xa con centos títulos diferentes no seu catálogo de distribución internacional, a partir deste ano conxuntamente c' *O Fanzine das Xornadas*, do cal aparece

o primeiro número. Están na cidade Miguel Gallardo e Miguelanxo Prado; Cap'tain Nico, do colectivo francés L'Arghonaute, representantes do fanzine *TMEO* e o estudoso José Antonio Ortega Anguiano.

7 Nas sétimas, subtituladas por vez primeira «A festa galega do cómic», destaca unha exposición sobre a clásica revista española *TBO*, outra relativa a «O cómic galego nos 70», promovida polo extinto Clube Cultural Alexandre Bóveda, e unha produción



propia titulada «Xornalistas nos cómics». A Expofanzines inclúe, como micro-exposicións, varias dedicadas entre outros ao holandés Marcel Ruijters e ao fanzine vasco TMEO. Nos encontros están representadas da Cámara Municipal de Loulé, do Salão de Viseu e da Semana del Cómic de Erreñerria, e mais Luan Mart, do fanzine *Mono Gráfico*, e Manel Cráneo, do fanzine *Nicasso*.

8 As Xornadas de 1996 dedican unha retrospectiva a Xulio Das Pastoras e outra aos 18 anos do semanario *El Jueves* e os seus numerosos autores de BD. A Fundación Calouste Gulbenkian trae unha mostra sobre o seu taller de BD. Desaparece o Certame Ourense para afeccionados, e o Premio pasa a ser destinado só a personalidades e iniciativas. O certame da Dirección Xeral de Xuventude, que irá cambiando de nome coas edicións, será o único concurso durante varios anos. O ciclo de cinema é agora coa colaboración do Cineclub Padre Feijoo, en pantalla grande, combinando a proxección en 35mm coas semiprofesionais en 16mm e vídeo. O programa do primeiro ciclo é moi variado, e inclúe desde o documental *El mundo de Robert Crumb* (*Crumb*, de Terry

Zwigoff) até curtas de animación de Windsor McCay (como *Gerty the Dinosaur*, de 1909), pasando pola estrea de *Porco Rosso*, de Hayao Miyazaki. Ese ano prográmasse tamén a mesa redonda Escritores e Banda Deseñada, coa presenza de Xosé Luís Méndez Ferrín, Ramón Caride Ogando e Manuel Lourenzo e Uxía López Meirama, e preséntase o álbum *No nome da amada morta*, da serie «Un misterio para Simón», con seus autores, Aníbal C. Malvar, Fausto C. Isorna e Rober G. Méndez. Celébrase, aínda que con reservas, o centenario do cómic («a BD ten, como mínimo, 100 anos»).

9 As IX Xornadas reciben unha exposición retrospectiva do debuxante Tha, outra de Xaquín Marín («Vintecinco anos mais un»), outra máis de Max («Como perros») e a mostra colectiva «Somos diferentes, somos iguais», do Consejo de la Juventud de España, con obra de autores como Raúl, Federico del Barrio ou Fernando Iglesias. Ademais, unha de pranchas de xornais antigos con páxinas do Príncipe Valente, que celebra o seu 60 aniversario. A Expofanzines xa chega aos 700 títulos de 24 países. Organízanse encontros

do público con Tha e con Max nas súas propias exposicións, que se converten en auténticas visitas guiadas.

10 A novidade da décima edición é a presenza da exposición dun gran nome internacional, o norteamericano Beto Hernández, coa súa obra *Río Veneno* (unha mostra organizada por Ficomic); os orixinais de María Colino son protagonistas doutra mostra, e ofrécense os da revista *Elipse*, que tamén se presenta. O ciclo de cinema inclúe, entre outros títulos, curtametraxes clásicas do *Superman* dos irmáns Fleischer, así como producións modernas dirixidas polos tamén autores de cómic Hernán Migoya, Fernando de Felipe, Bill Plympton e Jean-Pierre Jeunet con Marc Caro. Outra das novidades é a presentación do fanzine do grupo de rock *Buenas Noches Rose* (con cómics feitos a partir de textos do líder do grupo), cun memorábel concerto na sala Rock Club. Están presentes dous autores do mesmo, José Luis Ágreda e Chema García, alén de João Fazenda, Marcos Farrajota e Pedro Brito como representantes do colectivo lisboeta *Chili Com Carne*.

11 Para a edición de 1999 é unha colaboración co *Viñetas desde o Atlántico* a que trae até Ourense a exposición de orixinais de François Boucq. Hai tamén unha retrospectiva de Rafael Vaquer, unha mostra con traballos de Kiko da Silva, outra cos deseños de personaxes e produción de Miguelanxo Prado para as series *Men in Black* e *Os Vixilantes do Camiño* e un repaso ao panorama luso da BD a través dos traballos do fanzine *Cru*, ademais dunha ollada á primeira época da revista *Golfiño*, que se presenta nestas Xornadas, en que tamén o vai facer *Cita na Habana*, de Fran Jaraba (que recibe o Premio Ourense a toda a súa traxectoria), aínda que por cuestións editoriais terá que adiarse para o ano seguinte. A Expofanzines chega en 1999 á súa décima edición, con case 1.500 títulos de 29 países. Están ese ano como convidados os promotores da revista *Cretino*, e mais Ángel de la Calle (da *Semana Negra de Xixón*), Sandra Uve, Pedro Calleja e Javi Rodríguez e Ígor Medio (coautores da serie *Love Gun*). Este último, xunto con Ruma (autor da serie escrita en asturiano *Los Aguarones*) e os ourensáns Cásstor e Félix Castro recuperan a



antiga formación do grupo folk *Felpeyu* para ofrecer un concerto durante as *Xornadas*. No ciclo de cinema, homenaxes a *Tintín* e a *Hugo Pratt* (coa proxección do filme *Jesuita Joe*), así como proxeccións de curtametraxes de comiqueiros como *Koldo Serra* ou *David Rubín*.

12 As *Xornadas* contan novamente con exposición de *Xulio Das Pastoras*, nesta ocasión con orixinais do seus álbums de humor gráfico *Ustedes perdonen*, así como do álbum de *José Luis Ágreda* a



forza ahorcan, escrito co dúo *Gomaespuma*. *Cita na Habana*, por fin nas librarías, recibe a merecida exposición, así como a obra de *Miguel Robledo*, e descóbrese para o resto de Galicia os orixinais da serie *Aventura no Camiño de Santiago*, de *Primitivo Marcos*, editada pola *Deputación de Lugo*. Entre as colectivas, *Historia del Blues* e a portuguesa *Para além dos Olivais*, da *Bedeteca* de Lisboa. Visítannos este ano *José Luis Ágreda*, *Javier Olivares* (un dos representados pola mostra *Historia del Blues*), *Fanny Denayer*, da *Witloof Edições*, *Ricardo Ferrand* (autor de *A verdadeira história de Jota Cristo*) e *Jesús Moreno*, de *Ediciones Sins Entido*, así como *Alberto Calvo*, autor de *Supermaño*, e director, xunto con

Carlos Faemino, da curtametraxe baseada nese personaxe, que se proxectou antes do filme *Perfect Blue*, de *Satoshi Kon*.

13 *José Carlos Fernandes*, que xa recibira o *Premio Ourense* en 1995 —cando o *Certame Ourense* estaba aberto a galegos e portugueses— ten en 2001 unha mostra retrospectiva («*Intuições*», organizada polo *CNBDI* da *Amadora*), faise unha monográfica de *Darío Adanti*, outra recuperando os orixinais do fanzine *Mundo Lirondo* —a punto de ser editado en forma



de álbum por *Glénat*—, e outra do portugués *Ricardo Ferrand*. Dúas mostras acreditan o nacemento de dous proxectos que van dar novas forzas ao panorama da BD galega: *Mmmh!!*, álbum colectivo que serve de presentación de *Polaqia*, e *BD Banda*, revista encabezada por *Kiko da Silva* e *Cano Paz*. Aproveitando que se trata da edición número 13, faise unha homenaxe a *13 Rue del Percebe*, a serie de *Ibáñez*, a través dunha mostra de versións feitas por autores galegos. O ciclo de cinema faise ese ano, excepcionalmente, no *Teatro Principal*, mostrando os filmes *La princesa Mononoke*, do gran *Miyazaki*, e a adaptación á pantalla grande do personaxe *Marco Antonio*, de *Mique Beltrán*. Entre as presentacións e os convidados, *José Carlos*

Fernandes, *Ricardo Ferrand*, *Darío Adanti*, *José Miguel Álvarez*, *Ismael Ferrer*, *Álex Fito* e *Albert Monteys* —estes catro últimos, os compoñentes do grupo *La Peña*, autores do fanzine *Mundo Lirondo*.

14 A edición de 2002 trae mostras de *Juan Berrio* e *Miguel B. Núñez*; o *Certamen de Cómic e Ilustración do Injuve 2001*, os orixinais do álbum *La retirada de Sir John Moore*, de *Pepe Carreiro*, e da nova etapa da revista *Golfiño* como suplemento de *La Voz de Galicia*, así como a publicación portuguesa de vangarda *Stad*. O ciclo de cinema contou



co dúas adaptacións de títulos importantes da BD: *Metrópolis*, de *Osamu Tezuka* (dirixida por *Rin Tarô*) e *Ghost World*, de *Daniel Clowes* (dirixida por *Terry Zwigoff*). Están nas *Xornadas*, ademais de *Berrio* e *Núñez*, *Juancho Castaño*, do fanzine *Comikaze*, do *Porrño*, e *Jano Viñuela*, que presenta o seu monográfico *Patricia*.

15 As *XV Xornadas* ofrecen unha exposición dedicada a *Teddy Kristiansen*, e outras a *Bernardo Vergara* e a *Javiroy*; tamén ao álbum *Fréda*, de *Alberto Vázquez* e *Kike Benlloch*, á publicación colectiva *H2Oil* —xurdida na onda de mobiliza-

cións por mor do afundimento do *Prestige*— e á revista portuguesa *Satélite Internacional*. Ademais, unha titulada «*Tebeos: retrato social de una época*», cun centenar de pranchas orixinais de historietas de clásicos de *Bruquera* e do *TBO*. A *Expofanzines* chega á súa derradeira cita con 1.800 títulos de trinta países. Entre as proxeccións dese ano, hai que destacar a de *Bienvenidos a Belleville* (*Les Triplettes de Belleville*), do guionista *Sylvain Chomet*. Ademais de *Vergara*, *Kristiansen*, *Vázquez* e *Benlloch*, visitan as *Xornadas* *Fernando Tarancón*, de *Astiberri Ediciones*, e mais *Emma Ríos*, que presenta o seu *A Prueba de Balas*.

16 As seguintes *Xornadas*, as de 2004, acollen a exposición monográfica de *Miguel Rocha*, e as dedicadas á serie *Os Heresiarcas*, de *Carlos Portela* e *Xulio Das Pastoras*, e aos álbums *A mansión dos Pampín*, de *Miguelanxo Prado*, *Campos de Cuba*, de *Fran Jaraba*, e *Ubú Rey*, de *Jaime Asensi*, sen esquecer a colectiva «*Wartime*», organizada pola revista eslovena *Stripburger* e mais *Ficomix*. É presentada a revista *Mister K*, editada por *El Jueves* con gran cantidade de autores

galegos, coa presenza no acto de *Santy Gutiérrez*, *Javi Montes*, *Miguel Robledo* e *Kiko da Silva*. Tamén están estes días o editor *Ivan Mitrevski* e o autor eslovaco *Branko Jelinek*, como representantes da exposición de *Stripburger*. Realízase tamén un concerto co grupo portugués de música experimental *Projecto Arzach*, que emprega a proxección de viñetas dun cómic de *Micha Hirt* ao cal dota de banda sonora en directo. A falta de cinema en pantalla grande, a librería *Mazingher* presenta un ciclo de preestreas en proxección videográfica, entre as que están *Appleseed* e o filme de *Corto Maltés* *La cour secrète des Arcanes*.



17 As XVII Jornadas teñen como protagonistas das exposicións monográficas a **Sonia Pulido** —que visita Ourense—, **Lorenzo Gómez**, **David Rubín** e **Javier Olivares** («Visión imposible» é o título da súa mostra); colectivas como a dedicada aos autores galegos en *Mister K*, a *BD Banda* ou ao *Atelier Toupeira*, de Beja (Portugal) complementábanse coa aparición do Premio Castelao, a cuxos gañador e finalista (**David Rubín** e **Antonio Seijas**) se dedica a exposición de orixinais; o galardón vén complementar os do certame da Dirección Xeral de Xuventude, neste momento denominado «Na Vangarda». Lévese a cabo con éxito a actividade «BD 24 x 24», en que varios autores se reúnen durante 24 horas na Casa da Xuventude para crear un cómic de 24 páxinas cada un, e bastantes dan superado o reto. O ciclo de cinema recupérase momentaneamente no Auditorio Municipal, coas estreas de *Steamboy*, de **Katsuhiro Otomo**, e de *American Splendor*, de **Shari Springer Berman** e **Robert Pulcini**, sobre historias de **Harvey Pekar**.

18 Esta edición ten monográficas de **Alberto**

Vázquez, do tándem formado por **Manel Fontdevila** e **Albert Monteys** (coa obra que fan en común e por separado), e mais do Certamen de Cómico e Ilustración do Injuve 2005, dos 5 primeiros anos de Polaquia, da serie *Black Box Stories* —con guións de **José Carlos Fernandes**—, e dos premios Castelao (gañado por **Antonio Seijas**) e **GZcrea**, ademais da primeira *Delicatessen*, dedicada a **Miguel Porto**. Nace o proxecto *Lab-Ou*, co que se consegue reunir en exercicios colectivos unha vintena de debuxantes, entre os que están os propios **Fontdevila**, **Monteys**, **Antonio Seijas**, **Alberto Vázquez** e **Miguel Porto**, e moitos membros de Polaquia, como **Emma Ríos** ou **Brais Rodríguez**.

19 As Jornadas de 2007 dedican as súas mostras a **Carlos Vermut**, **Pepo Pérez** e **Lola Lorente**, e o *Delicatessen* a **Diego Blanco** —todos eles, convidados deste ano—; os certames *Injuve 2006*, *Premio Castelao* (gañado por **Jacobo Fernández Serrano**) e **GZcrea**; a mostra «*ConSecuencias: Historieta Uruguaya*» (do *Injuve*), a titulada «*Dez anos de BD galega*», producida pola **Agpi**

e mais o *Viñetas* e as propias *Jornadas*, e o repaso á obra do clásico da BD portuguesa **José Ruy**, en exposición producida polo **CNBDI**. Novamente con éxito, outra sesión colectiva do *Lab-Ou*, con exercicios en que participan un bo número de autores, entre os que están varios dos convidados.





SISTEMA DE BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DA CORUÑA

O trofeo do Premio, deseñado ex profeso para cada edición por Manolo Figueiras.

O Premio Ourense de BD,

que outorgan anualmente a Casa da Xuventude de Ourense e mais a Concellaría de Cultura do Concello de Ourense para distinguir as máis importantes iniciativas e traxectorias dentro do panorama da banda deseñada galega, recae este ano 2008 no Sistema de Bibliotecas Municipais da Coruña, polo seu labor de divulgación e promoción da banda deseñada nos últimos anos.

O grupo de traballo formado por Fátima Elías, Iván Serrano e Julio Pesquera e dirixido por este último encárgase, desde hai catro anos, de dar especial atención ás actividades relacionadas co cómic, na procura de reivindicar a novena arte dentro das bibliotecas, a través de conferencias e presentacións, talleres de lectura e de creación, e actividades de difusión dos fondos: nomeadamente, o activo blog **Fancomic.es**, onde se ofrecen noticias do mundo da BD, concursos, recensións críticas, biografías de autores, etc., xunto con comentarios sobre novidades editoriais que se poden encontrar nos seus fondos, sen esquecer os boletíns de novidades e o servizo de noticias mediante SMS.

Para este grupo de traballo das bibliotecas coruñesas, os usuarios potenciais deben «acudir á biblioteca e localizar o cómic que desexan, mais tamén recursos para achar outros que sexan do seu agrado. Aí é onde entra o bibliotecario: debe coñecer unha relación de títulos para poder recomendar con total comodidade e autosuficiencia». Para eles, nunha biblioteca o labor de difusión debe ir «máis alá da propia biblioteca, buscando a participación de futuros usuarios e consolidando as relacións cos que xa están fidelizados». Trátase de facer ver que desde a biblioteca tamén hai interese en loitar a prol do medio, e dalgunha forma «desvincular o ton comercial» que poden ter outros puntos de difusión da BD como os salóns, «promulgando o gusto por ler».

Ao traballo cotián a prol da banda deseñada entre os usuarios e os que non o son, hai que engadir o feito para o propio sector profesional, como a continuada

participación en defensa da BD en distintos congresos de bibliotecarios —para difundir fórmulas de achegamento á BD desde as bibliotecas, listas de títulos básicos para comezar coleccións, formas de catalogación, etc.—; ten, ademais, importancia clave a súa participación na conformación do grupo de bibliotecarios «Comicteca», de ámbito peninsular.

O Sistema de Bibliotecas Municipais coruñesas componse dunha oficina coordinadora, catro bibliotecas de barrio (O Castrión, Fórum Metropolitano, Monte Alto e Sagrada Familia), a Biblioteca Infantil e Xuvenil e a Biblioteca de Estudos Locais, e son a Infantil e Xuvenil e a do Fórum Metropolitano as que encabezan esta reivindicación da banda deseñada, cunha colección que xa supera os 8.000 títulos e que conta en custodia co fondo da colección persoal do malogrado Toñito Blanco.

Con este Premio Ourense busca destacarse novamente a importancia das bibliotecas como órgano de primeira importancia na difusión da banda deseñada na sociedade, para axudar a que sexa entendida en toda a súa dimensión. Aínda que queda moito camiño por percorrer, algunhas outras bibliotecas, afortunadamente, están a seguir esta senda iniciada polas municipais coruñesas, caso da Biblioteca do Porriño e a recentemente inaugurada de Santiago de Compostela, dotada de sección de bedeteca.

O Premio Ourense de BD chega así á súa décima oitava edición. Até o de agora, foron galardoados co Premio Xaquín Marín, Agustín Fernández Paz, Edicións Xerais, Migue-lanxo Prado, *A Nosa Terra*, o equipo de «A Familia Perpetua» (Carvalho, Héitor e Robledo), a Deputación da Coruña, a Biblioteca Club 33 de Santiago, Fausto Isorna, o programa *Xabarin Club*, o Festival Viñetas desde o Atlántico, Fran Jaraba, a Deputación de Lugo, o Consello da Cultura Galega, a revista *Golfiño*, Pepe Carreiro, o Colexio de Arquitectos de Galicia, a revista *BD Banda*, a Librería Paz e o Colectivo Polaqa.



O cartel das Xornadas

ALBERTO GUITIÁN

Guitián é un vello coñecido das **Xornadas**, que visitou con asiduidade e coas cales colaborou en diversas ocasións —nomeadamente, a celebrada portada do número 6 d'O **Fanzine**, no ano 1991, con aquel centolo xigante que invadía unha praia ateigada de bañistas—. Era un dos poucos da súa xeración que fal-

taba por dar a súa visión para o cartel da Festa galega do cómic, e, dado que o criterio principal (ofrecerllo ao gañador do **Certame GZcrea** do ano anterior) non podía empregarse este ano (debido a ter ficado o primeiro premio deserto), vimos a oportunidade de convidalo para este encargo, que aceptou con moitas



ganas, como ocorreu sempre que o metemos nalgún dos nosos embarques.

Alberto Guitián (Lugo, 1974) é licenciado en Belas Artes pola facultade de Pontevedra; comezou na BD cun fanzine propio, *Kedeké*, e comezou a destacar no panorama gañando varios accésit e un terceiro premio nos concursos da Dirección Xeral de Xuventude, así como un dos premios do **Concurso de Caricaturistas Noveis da II Bienal da Caricatura de Ourense**, e o segundo no **Salão de Caricatura de Vila Real**. En 2003 foi accésit na categoría de cómic do certame do **Injuve**. Participou nas publicacións *Ovo*, *Bambán*, *Cretino*, *Biblia*, *TMEO*, *Mono Gráfico* e *Barsowia*; profesionalmente, na segunda época da revista *Golfiño* e en *Mister K*, e actualmente en *BD Banda*, *El Jueves* e a revista *Retranca*.

Residente en Barcelona desde hai uns anos, **Guitián** non perdeu nunca o contacto coa súa terra natal, e aí están

as súas continuas colaboracións con publicacións galegas. Entre os seus proxectos, están un recompilatorio coas tiras dos seus personaxes **Fito e Pita**, paradigmas do seu persoalísimo sentido do humor. Outra mostra da súa ollada intelixente é, precisamente, o cartel que nos ocupa, para o cal pensou en mesturar personaxes clásicos da BD —contraponendo caracteres de moi distintos tons— e ofrecer así resultados ben simpáticos —como pode apreciarse mesmo nos bosquexos preparatorios—; visto que non acababa de decidirse entre os *crossovers* **Popeye-Hellboy** e **Hulk-Tintín**, propúxonos a idea de facer unha edición dupla do cartel. Xa que estabamos nas vixésimas **Xornadas**, era a mellor ocasión para facer algo tan especial, e velaquí ambos os carteis, que sen dúbida están entre os que máis éxito teñen recollido na historia das **Xornadas**.

<http://albertoguitian.blogspot.com>



